

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE AGOSTO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a once de agosto de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 8 de agosto de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN POSTO DE TRABALLO DE TRABALLADOR/A SOCIAL

De conformidade co establecido na Base sétima do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 1 de agosto de

2023, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de traballador/a social, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Ana María Jorge Couto, traballadora social.
Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

3.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA AS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN POSTO DE TRABALLO DE TRABALLADOR/A SOCIAL

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 1 de agosto do corrente, aprobáronse as bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de traballador/a social.

2º.- Con data 10 de agosto de 2023 (RE-E núm. 458), o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, con CIF núm. ██████████ e domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña), interpón recurso potestativo de reposición fronte as bases aprobadas.

3º.- O recurso interposto versa sobre a valoración da formación específica na fase de concurso incluída na Base Oitava, instando sexa incluída na mesma *“a valoración da formación impartida polos Colexios Profesionais, neste caso a do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia”*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O recurso interponse en prazo e por entidade lexitimada para elo (artigos 4.2 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas); así como artigo 6 do Decreto 47/2017, do 27 de abril (DOG núm. 94, do 18/05/17).

Segundo.- O artigo 36 da Constitución Española (CE) reconece a existencia dos colexios profesionais, remitindo á lei a regulación das peculiaridades do seu réxime xurídico. A lexislación estatal está contida na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, que ten carácter de lexislación básica.

Terceiro.- En Galicia os colexios profesionais están regulados pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. Aos efectos do presente recurso é preciso destacar que no seu artigo 9 apartado j) establécese como función encomendada aos colexios profesionais *“organizar actividades dirixidas á formación e perfeccionamento profesional dos colexiados”*. O propio artigo 7 dos estatutos do colexio recorrente atribúelle como función propia *“m) Organizar actividades dirixidas á formación e ao perfeccionamento profesional da colexiación (...)”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia en relación ás bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de traballador/a social, aprobadas por acordo deste órgano de data 01/08/23.

Segundo.- Modificar parcialmente a Base Oitava relativa á formación específica da fase de concurso, coa seguinte redacción en relación aos cursos obxecto de valoración: *“Unicamente se valorarán os cursos convocados ou organizados por administracións públicas, Universidades, institutos ou escolas de funcionarios, ou outras entidades sempre que fosen homologados pola EGAP. Tamén se valorarán os cursos de formación continúa das*

Administracións Públicas en calquera das súas edicións e os impartidos polos respectivos colexios profesionais oficiais”.

Terceiro.- De conformidade co previsto na Base Duodécima, ao terse estimado o recurso interposto, ábrese un novo período de presentación de instancias de conformidade coa base modificada.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Don Ezequiel Fernández Bardelás, traballador laboral temporal do Concello na praza de condutor do camión de recollida do lixo, ten solicitado o goce das súas vacacións anuais durante parte dos meses de agosto e setembro de 2023. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun traballador que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse a recollida do lixo dun servizo prioritario, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de recollida do lixo correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Non considera axeitado xustificar o incumprimento de ditos principios alegando urxencia xa que era doado prever con suficiente antelación as datas das vacacións, ao ter legalmente un límite temporal para seu goce, polo que se podería ter convocado publicamente dita provisión, previa a aprobación dunhas bases. Porén o Sr. alcalde, dada a urxencia da contratación e o limitado período desta, non considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola posible demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo, precisándose a contratación dun traballador con experiencia acreditada, dada a dificultade do manexo dos medios de transporte dispoñibles

e da necesidade de coñecemento previo das rutas de recollida e da situación dos colectores nos diferentes lugares e parroquias do Concello. Destaca que realizou persoalmente numerosas xestións que resultaron infrutuosas para acadar un traballador que cumprira con ditas aptitudes profesionais, ante a inexistencia actual de oferta de traballadores cos permisos preceptivos e os coñecementos axeitados do medio, polo que recorreuse a única persoa dispoñible da que se tivo coñecemento e que acreditou a posesión dos requisitos esixidos

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, ACORDA:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Don JULIO FERNÁNDEZ VENCE, con DNI núm. [REDACTED], como condutor do camión de recollida do lixo, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 16 de agosto e 7 de setembro de 2023, ambos incluídos, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, en substitución por vacacións de Don Ezequiel Fernández Bardelás .

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

Deseguido e de conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), a concelleira Sra. Hermida Deza auséntase da sesión para a adopción do seguinte acordo, ao incorrer nela a causa de abstención establecida no artigo 23.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María del Carmen Diéguez Calvo, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais en nos meses de agosto e setembro de 2023. Xa que logo existe a necesidade

de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona Ana María Jorge Couto, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARÍA JESUSA DEZA LOIS, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 21 de agosto e 1 de setembro do corrente, ambos inclusive, en substitución de María del Carmen Diéguez Calvo.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

Rematado o debate e votación do anterior punto da Orde do día, reincorpórase á sesión a concelleira Sra. Hermida Deza.

6.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Javier Diéguez Patao

VISTA a instancia presentada por Don JAVIER DIÉGUEZ PATAO, con DNI núm. ██████████, veciño do lugar da Granxa, parroquia do Salto (RE núm. 1288, do 28/07/23), pola que solicita autorización municipal para a instalación dunha canle de abastecemento de auga soterrada no camiño rural denominado “*Campelo*”; así como para o cruce coa dita canle pola estrada municipal A Granxa-Fáilde, segundo plano achegado. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Primeira.- A canle deberá ser colocada a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “*a precario*” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte do solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa do solicitante.

- Inés Segunda Areán Conde

VISTA a instancia presentada por Dona INÉS SEGUNDA AREÁN CONDE, con DNI núm. ██████████, veciña do lugar de Lamas, parroquia do Camba (RE núm. 1281, do 27/07/23), pola que solicita do Concello que se lle indemnice coa cantidade de 266,20 € polos danos causados, presuntamente pola maquinaria da brigada municipal de obras, nun muro e cancela da vivenda da súa propiedade. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda desestimar integramente a súa reclamación por canto non se acredita a autoría dos feitos, e o traballador municipal encargado do manexo da maquinaria nega expresamente que os danos alegados pola solicitante sexan consecuencia de actuación algunha municipal na vía pública lindeira.

7.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DO LUGAR DE RAÑESTRAS, PARROQUIA DE ÁLCEME

VISTO o escrito presentado por Don Enrique Fernández Aguiar, veciño do lugar de Rañestras, parroquia de Álceme (RE núm. 1349, do 09/08/23), polo que, na representación de Comisión de festas do lugar de Rañestras, parroquia de Álceme, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 31 de xullo e 1 de agosto do corrente, na honra de San Ignacio. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- CELSO GONZÁLEZ JORGE 227,19 € E 428,11 €

Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo e na máquina varredora, s/facturas núm. C 10050 e C 10051.

- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.008,85 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo no mes de xullo de 2023, s/factura núm. FA – 12633.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.438,04 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de xullo de 2023, s/factura núm. 2023/1978 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)